



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Prácticas Externas Básicas

Materia	Prácticas Externas Básicas			
Código	P04M110V11215			
Titulación	Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría - Pontevedra			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito privado Dereito público			
Coordinador/a	Farto Piay, Tomás			
Profesorado	Farto Piay, Tomás Grande Seara, Pablo Mariño de Andrés, Ángel Manuel Martínez Táboas, María Teresa			
Correo-e	tfarto@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	As prácticas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polo alumnado universitario e supervisada polos titores académicos e profesionais. O seu obxectivo principal neste máster é permitir que o estudante complemente e aplique os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo en xeral o desenvolvemento das competencias necesarias para o exercicio da profesión da avogacía e/o a procuradoría.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B4	CON-04 Recoñecer as situacións de conflito de intereses que poden producirse na práctica profesional.
B5	CON-05 Identificar as técnicas de resolución de conflitos máis pertinentes en cada situación e contexto.
B7	CON-07 Determinar a instancia administrativa ou xurisdiccional e a acción ou actuación procedentes para a defensa dos dereitos dos clientes.
B8	CON-08 Recoñecer o instrumento xurídico procedente para representar aos interesados ante terceiros, ante as administracións públicas e ante os órganos xurisdiccionais.
B9	CON-09 Identificar os actos xurídicos que requiran, para a súa eficacia, da intervención notarial e os que necesitan inscrición rexistral.
C2	HAB-02 Empregar convenientemente os métodos alternativos á vía xurisdiccional para a resolución de conflitos xurídicos.
C3	HAB-03 Realizar eficaz e correctamente os actos de comunicación das partes no proceso.
C5	HAB-05 Aplicar as técnicas de resolución de conflitos máis pertinentes a cada situación e contexto, establecer o alcance do segredo profesional e preservar a independencia de criterio.
C6	HAB-06 Utilizar os procedementos, protocolos, sistemas e aplicacións xudiciais, que requiran os actos de comunicación e cooperación coa Administración de Xustiza con especial atención aos de natureza electrónica, informática e telemática.
C9	HAB-09 Desenvolver traballos profesionais en equipos especializados e interdisciplinares.
D3	COMP-03 Incorporar os dereitos e deberes deontolóxicos da persoa que exerce a avogacía ou a procura nas relacións con clientes, outras partes, tribunais, autoridades e outros profesionais.
D6	COMP-06 Expresarse oralmente e por escrito, de forma adecuada ao contexto e ás necesidades ou características especiais de cada destinatario/a, e extraer das feitos consecuencias xurídicas de forma argumentada, en todos os ámbitos procedementais.
D7	COMP-07 Interactuar de forma apropiada cos/as cidadáns/as, institucións e outras persoas profesionais.

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

<input type="checkbox"/> CON-04 Recoñecer as situacións de conflito de intereses que poden producirse na práctica profesional.	B4
<input type="checkbox"/> CON-05 Identificar as técnicas de resolución de conflitos máis pertinentes en cada situación e contexto.	B5
<input type="checkbox"/> CON-07 Determinar a instancia administrativa ou xurisdiccional e a acción ou actuación procedentes para a defensa dos dereitos dos clientes.	B7 B8
<input type="checkbox"/> CON-08 Recoñecer o instrumento xurídico procedente para representar aos interesados ante terceiros, ante as administracións públicas e ante os órganos xurisdiccionais.	B9 C2
<input type="checkbox"/> CON-09 Identificar os actos xurídicos que requiran, para a súa eficacia, da intervención notarial e os que necesitan inscrición rexistral.	C3 C5
<input type="checkbox"/> HAB-02 Empregar convenientemente os métodos alternativos á vía xurisdiccional para a resolución de conflitos xurídicos.	C6 C9
<input type="checkbox"/> HAB-03 Realizar eficaz e correctamente os actos de comunicación das partes no proceso.	D3
<input type="checkbox"/> HAB-05 Aplicar as técnicas de resolución de conflitos máis pertinentes a cada situación e contexto, establecer o alcance do segredo profesional e preservar a independencia de criterio.	D6 D7
<input type="checkbox"/> HAB-06 Utilizar os procedementos, protocolos, sistemas e aplicacións xudiciais, que requiran os actos de comunicación e cooperación coa Administración de Xustiza con especial atención aos de natureza electrónica, informática e telemática.	
<input type="checkbox"/> HAB-09 Desenvolver traballos profesionais en equipos especializados e interdisciplinares.	
<input type="checkbox"/> COMP-03 Incorporar os dereitos e deberes deontolóxicos da persoa que exerce a avogacía ou a procura nas relacións con clientes, outras partes, tribunais, autoridades e outros profesionais.	
<input type="checkbox"/> COMP-06 Expresarse oralmente e por escrito, de forma adecuada ao contexto e ás necesidades ou características especiais de cada destinatario/a, e extraer das feitos consecuencias xurídicas de forma argumentada, en todos os ámbitos procedementais.	
<input type="checkbox"/> COMP-07 Interactuar de forma apropiada cos/as cidadáns/as, institucións e outras persoas profesionais.	

**Contidos**

Tema

I. Acompañamento a avogados en asistencias do turno de oficio	I. Acompañamento a avogados en asistencias do turno de oficio
II. Presenza nas consultas do Servicio de Orientación Xurídica	II. Presenza nas consultas do Servicio de Orientación Xurídica
III. Asistencia a todo tipo de actuacións procesais	III. Asistencia a todo tipo de actuacións procesais
IV. Participación en actividades colexiais	IV. Participación en actividades colexiais

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticum, Practicas externas e clínicas	140	0	140
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	10	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

	Descrición
Prácticum, Practicas externas e clínicas	O alumnado desenvolve as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión, durante un determinado período, desempeñando as funcións asignadas e previstas na proposta de prácticas. As prácticas externas consistirán en: - Traballo en sedes xudiciais - Traballo en institucións oficiais - Traballo en despachos de avogados e procuradores - Traballo en Colexio de avogados e procuradores

**Atención personalizada**

Metodoloxías	Descrición
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Durante a realización das prácticas externas básicas, cada alumno/a contará cun titor académico e un titor profesional, que lle orientarán durante a realización das mesmas e realizarán un seguimento do seu desempeño.

**Avaliación**

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Prácticum, Prácticas externas e clínicas	Valoración polo titor/a profesional da aplicación polo alumno/a dos seus coñecementos teóricos á realidade práctica, da súa capacidade de traballo, actitude e sentido crítico, da regularidade no seguimento das prácticas, así como do seu comportamento ético e profesional.	80	B4 B5 B7 B8	C2 C3 C5 C6	D3 D6 D7
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Elaboración dunha memoria ou informe por parte do alumnado no que se reflicten as características do traballo realizado. Os estudantes deben describir as tarefas e procedementos desenvolvidos durante o período de prácticas, así como os resultados obtidos, incluíndo unha valoración persoal dos mesmos.	20	B5 B8	C5 C6 C9	D3 D6

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder superar a materia, o/a alumno/a terá que ter feito, de modo efectivo, alomenos, 480 horas de prácticas; e superar as dúas partes da avaliación: a valoración polo titor/a profesional e a memoria de prácticas por parte do estudante. É dicir, na valoración polo titor/a profesional, terá que obter polo menos un 4 sobre 8; e, na memoria de prácticas por parte do estudante, un 1 sobre 2.

Ver artigo 18 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudantado da Universidade de Vigo.

O sistema de avaliación descrito **será aplicable en todas as convocatorias de avaliación.**

As datas de entrega dos informes do titor profesional e da Memoria de prácticas por parte do estudante será a aprobada pola Comisión Académica do Máster e publicarase oportunamente na web do Máster.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

#### Bibliografía Complementaria

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Prácticas Externas/P04M110V01301

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Práctica Civil II/P04M110V11211

Práctica Laboral e de Seguridade Social/P04M110V11214

Práctica Penal II/P04M110V11212

Práctica Tributaria/P04M110V11213

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Deontoloxía, Organización profesional e Quenda de oficio/P04M110V11111

Práctica Administrativa/P04M110V11116

Práctica Civil I/P04M110V11113

Práctica extraxudicial/P04M110V11112

Práctica Mercantil/P04M110V11114

Práctica Penal I/P04M110V11115

### Outros comentarios

Recoméndase a lectura do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudantado da Universidade de Vigo. Pódese consultar na seguinte ligazón <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/537>.